

# É posíbel saber cando minte un político?

Ana Belén Fernández Souto e Xosé Rúas, da Facultade de Ciencias da Comunicación da UVigo, coordinan o proxecto 'DEBATrue'.



**i** Debate previo ás eleccións galegas de 2020 (Foto: Europa Press).



Redacción

14:38 do 21 de xaneiro de 2022

Vinte investigadores e investigadoras de diferentes ámbitos de estudo están a traballar no deseño dunha aplicación móbil que comprobe de forma automática se un ou unha política está a dicir a verdade nun debate. Trátase do proxecto 'DEBATrue', que, co financiamento do Ministerio de Ciencia e Innovación, coordinan **Ana Belén Fernández Souto** e **Xosé Rúas**, da Facultade de Ciencias da Comunicación da Universidade de Vigo (UVigo).

A iniciativa, segundo informa a UDC nun comunicado de prensa, "está dirixida a contribuír á loita contra a desinformación a través da identificación de datos falsos que poidan desvirtuar a calidade democrática e alterar o normal desenvolvemento do proceso electoral".

Así, o proxecto, que **se desenvolverá até 2023**, ten como obxectivo "sumar aos actuais procesos manuais de verificación unha aplicación dixital que automatice parte dese proceso, contribuíndo a que se acelere a comprobación e verificación da información e poidan rebaterse, antes de que se viralicen, as posíbeis afirmacións falsas ou inexactas realizadas no transcurso dun debate electoral".

## Plataforma de acceso aberto

Co gallo de identificar posíbeis afirmacións falsas ao longo do propio debate, **"como aquelas que a raíz deste poidan xurdir nas redes sociais"**, este proxecto "abrangue a aplicación de técnicas e ferramentas de aprendizaxe automático ou *machine learning* aos procesos de verificación de datos, así como a creación dun *bot* de análise conversacional e medición da actividade e impacto en Twitter dos debates televisivos".

"Baseado no uso de tecnoloxía *blockchain*, tratarase dun sistema de verificación de información aberto e descentralizado, creado sobre principios de gobernanza éticos e transparentes e sustentado en datos de acceso aberto", salientan.

**Laura Castro**, investigadora e profesora da área de Ciencia da Computación e Intelixencia Artificial na UDC, o máis salientábel do proxecto é "non só axudar a xente a saber se unha afirmación ou dato ten base e pode contrastarse, senón que se saiba como e de que forma o sistema — a *app* — chega a esa conclusión".

## Integrantes de 'DEBATrue'

Neste grupo de traballo, do que forman parte as **tres universidades galegas**, están as e os docentes da Universidade da Coruña (UDC) Laura Milagros Castro, David Cabrero, Natalia Quintas, José Ángel Holgado e José Manuel Lage, así como os investigadores da Universidade de Vigo (UVigo) Manuel Pérez Cota, Montse Vázquez, Iván Puentes, Yolanda Blanco,

Andrés Mazaira, Mónica Valderrama, Talía Rodríguez e Julia Fontenla; aos que se suman Francisco Javier Paniagua, da Universidad de Málaga; Concepción Pérez, da Universidad de Sevilla; Paulo Carlos López, da Univerisdade de Santiago de Compostela (USC); Alejandro Romero, da Universidad de Granada; e o coronel Ángel Gómez, experto en análise xeopolítica.

 [A Coruña](#) [udc](#) [debate](#) [tecnoloxía](#) [fake news](#)



[FAITE ASINANTE DE NÓS DIARIO](#) [CONTACTO](#) [QUEN SOMOS](#) [POLÍTICA DE PRIVACIDADE](#)  
[AVISO LEGAL E POLÍTICA DE COOKIES](#)

opennemas

POWERED BY  
OPENHOST